



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 25 DE FEBREIRO DE 2021,  
BAIXO A PRESIDENCIA DE  
ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se dispón que cese María del Socorro Martín Hierro como secretaria xeral Técnica e do Patrimonio.
- Decreto polo que se nomea secretario xeral Técnico e do Patrimonio a Jorge Atán Castro.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural o colexio Nosa Señora da Antiga en Monforte de Lemos (Lugo).

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o pagamento anticipado do 100 % da axudas enumeradas nas letras b), d) e e) do artigo 5.2 da Resolución da Secretaría Xeral da Emigración pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas de emerxencia social.
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Arzúa para o proxecto de mellora do núcleo de Ribadiso, por importe total de douscentos setenta e un mil douscentos dez euros con sesenta e nove céntimos (271.210,69 €).

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se crean os grupos de traballo en desenvolvemento da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba o plan de dinamización da área Rexurbe de Mondoñedo.
- Acordo polo que se autorizan os compromisos de gastos plurianuais derivados da Resolución pola que se convocan, para o ano 2021, con financiamento plurianual, as subvencións do programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero con financiamento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.
- Acordo polo que se autoriza a aprobación da resolución de concesión directa da axuda complementaria á do programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as persoas vítimas de violencia de xénero.

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o anexo do Plan de transporte público de Galicia sobre a Área de transporte de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co concello de Valga para a execución da obra de melloras da rede de abastecemento de auga potable en distintos lugares do Concello de Valga 2019. Valga (Pontevedra), clave OH.236.1183, por importe de cento oitenta e tres mil trescentos cincuenta e oito euros con cincuenta e dous céntimos (183.358,52€), financiado no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á pandemia de covid-19.

## CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 75 %, sen constitución de garantías, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2021, por un importe total de sete millóns catrocentos trinta e catro mil oitocentos noventa e catro euros (7.434.894,00€).

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do acordo de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo para a utilización das institucións sanitarias na docencia do grao universitario en enxeñaría biomédica,



## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

por un importe de douscentos corenta e catro mil setecentos trinta e dous euros con trece céntimos (244.732,13 €).

### **INFORMES**

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Informe e balance da certificación da Q de calidade turística en Galicia.

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre a resolución do programa de Fábrica Intelixente e Sustentable.
- Informe sobre a posta en marcha da sociedade impulsora de proxectos tractores.
- Informe sobre as medidas da Xunta para acompañar ao comercio galego de proximidade na súa reactivación.

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o programa galego de detección precoz da hipoacusia neonatal. Informe de resultados 2013-2019.

#### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre as accións do Goberno galego na procura da diversificación do monte Galego 2040.

#### **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre as axudas destinadas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños para o ano 2021.
- Informe sobre as axudas destinadas a proxectos colectivos, financiados polo FEMP, para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables convocadas no 2021.

**O CONSELLO DA XUNTA NOMEA SECRETARIO XERAL TÉCNICO E DO PATRIMONIO A JORGE ATÁN CASTRO**

- *É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e ata o de agora era subdirector xeral de Seguridade e Coordinación na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Jorge Atán Castro como secretario Xeral Técnico e do Patrimonio en substitución de María del Socorro Martín Hierro.

Nado en Vigo en 1967, é licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario do Corpo Superior de Administración Xeral da Xunta de Galicia (grupo A1) desde o ano 1993. Ademais dispón do diploma do curso de Directivos e da Inspección de Servizos da Xunta de Galicia, así como do Curso Superior de Relacións laborais, entre outros.

Jorge Atán comezou a súa carreira administrativa en 1993 como xefe de sección de tramitación administrativa na Axencia de Extensión Agraria e posteriormente como xefe da sección xurídica da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria (1994-1996). Tamén foi subdirector xeral da Explotacións Agrarias (2002-2003) e Secretario xeral do Fondo Galego de Garantía Agraria (2003-2009).

No 2009 foi nomeado como secretario Xeral Técnico da Consellería do Medio Rural; e posteriormente, como subdelegado do Goberno na Coruña (2012-2018). Desde decembro de 2018 foi subdirector xeral de Estudos da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Desde 2019 e ata o de agora, Jorge Atán viña desempeñando o posto de subdirector xeral de Seguridade e Coordinación na Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo.



## A XUNTA REFORZA A PROTECCIÓN PATRIMONIAL DA RIBEIRA SACRA COA DECLARACIÓN BIC DO COLEXIO DE NOSA SEÑORA DA ANTIGA DE MONFORTE

- *O decreto aprobado hoxe no Consello garantirá a salvagarda deste ben, clave para comprender o desenvolvemento do Renacemento en Galicia e a historia da vila*
- *O recoñecemento faise extensivo a diferentes bens mobles artísticos e bibliográficos entre os que se atopan algunhas obras de El Greco*
- *O Goberno autonómico está a investir medio millón de euros para a súa mellora e resolver deficiencias nas bóvedas e carpinterías do seu interior*

O Consello da Xunta vén de dar luz verde ao decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento e nivel de protección integral, o Colexio da Nosa Señora da Antiga, un inmovible clave para comprender o desenvolvemento do Renacemento en Galicia e a historia do municipio lucense. O recoñecemento supón, ademais, dar un paso máis na protección e posta en valor dos bens da Ribeira Sacra, que encara a súa recta final para a candidatura a Patrimonio da Humanidade.

O documento, que entrará en vigor despois da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), culmina o proceso iniciado en 2016, cando a Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga presentou unha solicitude de declaración de ben de interese cultural. Posteriormente, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborou un informe específico e solicitou o parecer dos órganos asesores e consultivos e no ano 2019 incoouse o expediente, momento en que se aplicou de forma inmediata e provisional a súa protección e se deu comezo á súa tramitación.

Coa esta decisión, a Xunta reforza a súa aposta de conservación e a revalorización con este inmovible en que está investindo medio millón de euros. En concreto, inclúense melloras na iluminación da súa pinacoteca ou actuacións para resolver problemas na bóveda do presbiterio ou nas carpinterías, entre outras. Este investimento parte do traballo de posta en valor dos bens patrimoniais da Ribeira Sacra desde o inicio da candidatura, que colleu un forte impulso coa declaración como BIC de todo o territorio.

### **Recta final da candidatura**

O Goberno galego tamén constituíu a Comisión Interdepartamental da Ribeira Sacra, en que participan sete consellerías. No eido do Patrimonio, este compromiso concrétase en 4,5 M€ en 30 actuacións nos seus bens máis icónicos. É un traballo que forma parte da candidatura da Ribeira Sacra que encara a súa recta final, coa intención de que se resolvan na próxima sesión do Comité do Patrimonio Mundial que se celebrará en China no verán de 2021.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Ademais, a aprobación do decreto de declaración BIC do Colexio de Nosa Señora da Antiga enmárcase na aposta do Goberno galego pola conservación do patrimonio sobranceiro e na potenciación e recoñecemento dos seus elementos claves. Neste sentido, forma parte así dos máis 70 bens declarados desde a entrada en vigor da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, que facilitou a declaración e protección do patrimonio cultural cun concepto máis amplo baseado tamén nas relacións territoriais e no patrimonio inmaterial.

Así, a día de hoxe, Galicia conta con 747 BIC, incluíndo entre as últimas incorporacións bens como a Igrexa da Atalaia de Laxe, o Mosteiro de San Martiño Pinario, o Parque do Pasatempo, a Terraza de Sada, entre outras. Ademais, o Goberno galego ten iniciados xa os trámites para outras declaracións BIC que se irán resolvendo nos vindeiros meses.

### Ampliación da delimitación

No recoñecemento do Colexio de Nosa Señora da Antiga como BIC, o expediente está avalado por un informe previo da Real Academia Galega de Belas Artes e outro do Consello da Cultura Galega. Este último propuxo unha serie de melloras que se tomaron en consideración para dar unha maior solidez á declaración. O expediente incorpora a ampliación da delimitación para incluír o Campo da Compañía, xa que este espazo estivera relacionado na súa orixe á propia construción do conxunto, e tamén a decisión de axustarse aos espazos inmediatos que rodean ao monumento no contorno de protección.

Á vista de todos os informes, o decreto xustifica a declaración no papel fundamental que representa o colexio de Nosa Señora da Antiga no desenvolvemento do Renacemento en Galicia e por ser clave para comprender a historia da vila de Monforte e o papel que tivo a Casa de Lemos na configuración deste núcleo. A declaración está xustificada tamén pola importancia do mecenado eclesiástico na España do século XVI e o proceso educativo impulsado polos xesuítas como arma da contrarreforma. Finalmente, é especialmente destacable que desde a súa fundación ata a actualidade, o colexio segue a cumprir a mesma función que cando foi fundado: a ensinanza.

### Valor cultural do museo

O Colexio de Nosa Señora da Antiga, tamén coñecido, entre outras denominacións, como Colexio do Cardeal ou Colexio da Compañía é un dos expoñentes máis significativos da arquitectura do clasicismo herreriano en Galicia. O inmovible amosa dunha forma tan clara e convincente as regras compositivas, formais e decorativas deste estilo que supuxo, en diversas ocasións, a súa adscrición errónea ao propio Juan de Herrera.

Entre os espazos sobranceiros, ademais da excepcional fachada que preside o Campo da Compañía, débese citar a igrexa e os seus retablos, así como a cúpula que cobre o cruceiro, a escaleira monumental e os seus claustros. Na mesma liña, cómpre destacar





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

tamén a importancia e valor cultural do seu museo e o rico patrimonio moble senlleiro que alberga, en que se poden atopar obras de artistas como El Greco, Andrea del Sarto ou Francisco Pacheco, ou documentos e patrimonio bibliográfico dos séculos XV e XVI relacionados cos mecenas do colexio, a Casa de Lemos e, posteriormente, a de Alba.

### Historia construtiva

A construción do Colexio da Nosa Señora da Antiga comezouse a finais do século XVI por iniciativa do cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro. Os seus biógrafos describeno como un humanista refinado, amante da arte e mecenas da cultura, e tamén como un personaxe implicado na vida da corte de Felipe II. Nun momento da súa madurez, decidiu crear unha institución filantrópica na cidade da súa infancia, Monforte, e doarlle a súa colección de obras de arte e biblioteca.

En 1586 comezou as conversas para a creación do colexio cos xesuítas, con que mantiña moi boa relación e cinco anos despois encargou a compra dos terreos e ao ano seguinte as obras saíron a poxa. As obras do colexio comezaron en 1593 co proxecto que redactaron Andrés Ruiz, un xesuíta da escola de Valladolid, e Vermondo Resta, o arquitecto do cardeal en Sevilla.

O inmovible estivo ao longo da súa historia relacionado coa función educativa, se ben pasou por épocas de maior ou menor esplendor. Incluso por etapas de decadencia relacionadas cos danos consecuencia do terremoto de Lisboa (1755), coa expulsión dos xesuítas (1767), os saqueos das tropas francesas (1809) ou un incendio en 1824.

Xa en mans dos pais escolapios, que se fan cargo do colexio no ano 1873, o edificio puido rematarse no primeiro cuarto do século XX grazas ao recoñecemento do valor e posterior venda dun dos cadros que constitúen a senlleira colección pictórica e de obras de arte do Colexio. O cadro, obra do pintor flamenco Hugo van der Goes, vendeuse ao goberno alemán por unha importante suma económica que permitiu rematar as obras entre 1919 e 1930 co apoio e supervisión da Casa de Alba.



## A XUNTA APROBA AS BASES DAS AXUDAS PARA FAMILIAS GALEGAS DO EXTERIOR EN SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL URXENTE ESPECIALMENTE DERIVADAS DA COVID-19

- *O Goberno galego aumenta a súa dotación para este fin, pasando dos 200.000 euros do ano anterior aos 500.000 que se destinarán este ano para aqueles residentes do exterior que padezan un deterioro grave da súa situación social e económica a causa da pandemia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe as bases das axudas para familias galegas do exterior en situacións de emerxencia social urxente especialmente derivadas da covid-19. Deste xeito, o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral da Emigración, destina 500.000 euros aos residentes do exterior que carezan dos recursos económicos necesarios para atender problemas sobrevidos de carácter extraordinario, xa sexan sociais, sanitarias o asistenciais.

Estas axudas, que contarán en 2021 cun crédito orzamentario de 500.000 euros, destínanse a persoas emigrantes galegas e a os seus fillos que posúan a condición de persoas galegas residentes no exterior e que, por cuestións urxentes e extraordinarias, se atopen en situacións de emerxencia social, derivadas da situación de pandemia xerada pola covid-19. O pasado ano, esta convocatoria xa se veu incrementada ata os 200.000 euros debido aos problemas que comezaron a xurdir polo avance do virus nos distintos países.

Estes apoios económicos consisten en axudas de ata 3.000 € por persoa beneficiaria.

A covid-19 converteuse nunha pandemia global e as súas consecuencias sociais e económicas redundan no agravamento de situacións persoais que, nalgúns casos, levaron ao límite de exclusión social a familias galegas que viven en terceiros países, especialmente, en América, onde estes problemas veñen a sumarse ás propias dificultades das situacións económicas e sociais que se están a vivir neses lugares.

Os requisitos necesarios para solicitar estas axudas é ter rendas ou ingresos insuficientes, contar cun patrimonio insuficiente ou acreditar razóns de carácter social, sanitario ou asistencial de situacións sobrevidas nun tempo próximo ao da súa solicitude como máximo nos últimos doce meses e que, pola súa gravidade, requiran dunha actuación urxente ou da necesidade de realizar a viaxe por mor desta razón.

O prazo destas axudas establecerase na orde en que se convoquen, que se prevé publicar no vindeiro mes de marzo e que a Xunta terá aberto ata novembro.



**A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE ARZÚA PARA A MELLORA DE RIBADISO  
COMO UN DOS PRINCIPAIS NÚCLEOS POLO QUE DISCORRE O CAMIÑO FRANCÉS**

- *O Camiño Francés foi declarado o primeiro itinerario cultural europeo, ben de interese cultural, e patrimonio da humanidade e é a ruta mais transitada por peregrinos polo que necesita unha especial protección e atención cara ao Xacobeo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Arzúa para o proxecto de mellora do núcleo de Ribadiso, por importe total de 271.210€, como un dos principais núcleos polo que discorre o Camiño Francés que conta cun elevado tránsito peonil pola afluencia de peregrinos.

Mediante este convenio se procede de xeito inmediato ao acondicionamento do núcleo de Ribadiso, co fin de incrementar a favorecer a atención e coidado ao peregrino, o que ademais suporá a súa posta en valor de cara á celebración do Ano Santo Xacobeo, o que incide na promoción e potenciación do turismo en Galicia.

A celebración do Ano Santo Xacobeo constitúe para a Comunidade Autónoma de Galicia unha oportunidade de potenciación de Galicia, así como de promoción e de reforzo da dimensión internacional do Camiño de Santiago e da propia comunidade.

O Camiño Francés foi declarado o primeiro itinerario cultural europeo, ben de interese cultural, e patrimonio da humanidade e é a ruta mais transitada por peregrinos de todas as nacionalidades polo que necesita un valor máis alto de protección e atención coa finalidade de presentar a súa mellora cara ao xacobeo.

Polo tanto, mediante este convenio levarase a cabo a pavimentación de 508 metros cadrados en calzada e zona de colectores. Previamente dotarase dos servizos de recollida de augas pluviais, saneamento, abastecemento de auga potable e iluminación pública. E será dotado de diferente mobiliario urbano.

## A XUNTA CREA TRES GRUPOS DE TRABALLO PARA IMPULSAR A SIMPLIFICACIÓN E A REACTIVACIÓN ECONÓMICA

- *Estes grupos desenvolven a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia aprobada este martes no Parlamento galego*
- *Encargaranse do seguimento da aplicación da Lei, do estudo da simplificación en materia de subvencións e da harmonización no ámbito das contratacións*

O Consello da Xunta acordou hoxe a creación de tres grupos de traballo para impulsar a simplificación e a reactivación económica baseada nos principios de confianza e certeza para os investidores. Estes grupos desenvolven a Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia aprobada este martes no Parlamento galego.

Os tres grupos de traballo encargaranse do seguimento da aplicación da Lei de simplificación, do estudo da simplificación en materia de subvencións, e da harmonización no ámbito da contratación. Serán presididos polo director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa da Consellería de Facenda e Administración Pública; e estarán integrados por expertos profesionais pertencentes á Administración galega.

A Lei establece unha serie de medidas de simplificación dos procedementos administrativos para axilizar a resposta administrativa, facilitar a implantación de iniciativas empresariais e reactivar a economía logo da crise derivada da pandemia do coronavirus.

Para iso, a norma incorpora diversos instrumentos procedementais, financeiros e de gobernanza co obxectivo de acadar un equilibrio entre a axilidade dos procedementos para a implantación de iniciativas empresariais e a protección dos valores culturais, naturais e ambientais que supón a intervención no territorio.

### **Seguimento da aplicación da Lei de simplificación**

O grupo de traballo de seguimento da aplicación da Lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia levará a cabo o seguimento da aplicación da Lei nos procesos de implantación de iniciativas empresariais, e prestará especial atención ao cumprimento dos prazos de emisión dos informes preceptivos para a súa autorización.

### **Estudo da simplificación en materia de subvencións**

O segundo grupo traballará na simplificación do réxime de concesión de subvencións, centrada na simplificación dos trámites; e promoverá a utilización de bases reguladoras harmonizadas dirixidas aos promotores das iniciativas empresariais. O

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

obxectivo é que as distintas iniciativas reciban con axilidade as liñas de axuda, facendo compatible esa demanda co uso eficiente dos fondos públicos.

**Harmonización en materia de contratación**

Este grupo estudará as posibles solucións de harmonización e mellora dos procedementos de contratación pública toda vez que a contratación é un dos instrumentos de mercado que pode utilizarse para o crecemento sustentable integrador que garanta o uso de fondos públicos.

No novo contexto económico derivado da pandemia, a contratación debe ser máis harmonizada e avogar pola harmonización da documentación e dos pregos tipo, para que os provedores identifiquen as oportunidades de negocio de igual xeito independentemente do departamento para o que se presente unha oferta.

Trátase, en definitiva, de coordinar a actuación dos distintos órganos da Administración autonómica e apostar pola simplificación administrativa para facilitar a implantación das iniciativas empresarias no marco dunha nova cultura administrativa, dirixida a axilizar e racionalizar os procedementos administrativos para impulsar a reactivación económica.



## **A XUNTA APROBA O PLAN DE DINAMIZACIÓN DA ÁREA REXURBE DE MONDOÑEDO, QUE ASPIRA A CAPTAR CASE 17 MILLÓNS DE EUROS EN FINANCIAMENTO PARA LOGRAR A REVITALIZACIÓN DESTES ÁMBITO**

- *Convértese na primeira área de rexeneración urbana de interese autonómico en dotarse deste instrumento, concibido como unha folla de ruta en que se recollen os obxectivos e as liñas estratéxicas de acción para os próximos catro anos nos eidos arquitectónico, urbanístico, ambiental, demográfico, económico e social*
- *Algunhas das actuacións que se impulsarán neste ámbito, que comprende o conxunto histórico de Mondoñedo e unha zona contigua, serán a rehabilitación de inmobles para iniciativas empresariais e con fins residenciais, intervencións sobre espazos públicos e equipamentos ou accións formativas en rehabilitación*
- *Entre as fontes de financiamento ás cales se recorrerá para cumprir cos obxectivos do plan prevese o capital privado, estimado nuns 3,4 millóns, fondos do propio Concello, case 1,8 millóns, e achegas por parte da Xunta, arredor de 10 millóns*
- *O Plan concreta tamén as consellerías e organismos autonómicos que deberán participar nel, seguindo unha serie de directrices comúns que axuden a concentrar o financiamento de proxectos dentro do ámbito da Área Rexurbe*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o Plan de dinamización da área de rexeneración urbana de interese autonómico (Área Rexurbe) de Mondoñedo, un instrumento de planificación plurianual en que se integran actuacións a nivel arquitectónico, dirixidas a fomentar as políticas de rehabilitación e a mellora do espazo público, con outras desde o punto de vista económico, demográfico e social.

O obxectivo común de todas estas accións é lograr a dinamización e a revitalización do Concello de Mondoñedo a través do impulso da súa Área Rexurbe. Para isto, o Plan determina a folla de ruta a seguir nos próximos catro anos (2021-2024), os eidos de actuación e as medidas sobre as que se porá o foco, así como os organismos e consellerías que participarán na súa posta en práctica.

Co fin de levar á práctica o Plan de dinamización -elaborado polo Concello a partir dun modelo facilitado a modo de guía polo Instituto Galego da Vivenda e Solo- e poder executar as actuacións incluídas nel, estímase que se necesitarán un total de 16,9 millóns de euros procedentes de fontes tanto públicas como privadas.

Cómpre lembrar que a figura da Área Rexurbe creouse ao abeiro da Lei de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia de 2019 co obxectivo de facilitar a recuperación dos conxuntos históricos declarados bens de interese cultural (BIC) a través da aposta por combinar e concentrar os recursos para que cheguen alí onde máis se necesitan, posibilitando a combinación de diferentes



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

instrumentos de financiamento público-privado. A de Mondoñedo foi a primeira Área Rexurbe declarada en Galicia, concretamente en febreiro do ano pasado. O seu ámbito comprende o conxunto histórico do municipio e unha zona contigua, de características similares, alcanzando en total unha superficie de 0,45 Km<sup>2</sup>, en que se localizan 704 edificios e 915 vivendas.

Tras o acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta, o Concello de Mondoñedo convértese tamén no primeiro que elabora e se dota do correspondente Plan de dinamización para poñer en marcha a súa Área Rexurbe, un instrumento previsto na propia Lei de rehabilitación co fin de deseñar os obxectivos e liñas estratéxicas a seguir de cara á acadar a revitalización do ámbito concreto a que se refire e, por extensión, de todo o Concello en xeral.

Neste sentido, o documento aprobado ten como obxecto coordinar as actuacións, públicas e privadas, destinadas á dinamización e á rexeneración da Área Rexurbe de Mondoñedo, para o que prevé o impulso da recuperación da actividade económica, o fomento da mellora da habitabilidade das vivendas e das condicións de vida das persoas residentes, a procura de novos habitantes e mais a garantía da conservación dos valores patrimoniais do conxunto e dos seus elementos singulares. En definitiva, no plan recóllese unha reflexión sobre o que quere e aspira a ser ese ámbito e a folla de ruta trazada co fin de conseguilo.

Para logralo, prevense unha serie de actuacións concretas entre as que cómpre mencionar a rehabilitación de inmobles para iniciativas empresariais, a adquisición e recuperación de edificios con fins residenciais, e intervencións sobre espazos públicos e equipamentos. Así mesmo, o plan tamén inclúe accións desde o punto de vista urbanístico, como a mellora do planeamento na Área Rexurbe, formación en materia de rehabilitación para concienciar sobre a súa importancia e a posta en marcha de equipos técnicos no Centro Rexurbe vencellado ao propio ámbito e que asumirá un papel clave na planificación das actuacións.

### **Distintas fontes de financiamento**

O cronograma previsto no Plan de dinamización de Mondoñedo comprende catro anualidades: 2021, 2022, 2023 e 2024. Non obstante, hai actuacións e investimentos que xa se iniciaron o ano pasado, tras a declaración da Área Rexurbe no mes de febreiro, que teñen continuidade nos seguintes exercicios e que, por tanto, se recollen tamén no plan e na memoria económica para darlle a coherencia necesaria.

O financiamento de todas as actuacións farase a través das diferentes convocatorias de axudas públicas en que poidan ter encaixe, con cargo ás partidas orzamentarias dispoñibles dos organismos participantes no plan, así como co capital privado que se logre atraer cos proxectos e medidas concretas que se planifiquen sobre a Área Rexurbe.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En total e segundo se recolle na memoria de viabilidade económica do propio Plan de dinamización, estímase que as actuacións previstas no mesmo no período 2020-2024 requirirán dun investimento de aproximadamente 16,9 millóns de euros.

Nesta contía, inclúese unha achega do Concello estimada en case 1,8 millóns de euros para todo o período, 3,4 millóns de euros de capital privado, 2 millóns procedentes doutros organismos públicos (deputación e fondos estatais) e arredor de 10 millóns que achegarán os distintos departamentos autonómicos participantes (Vicepresidencia Primeira, Vicepresidencia Segunda, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e Consellería de Cultura, Educación e Universidade).

O Plan, en todo caso, é un instrumento estratéxico e de planificación que non implica compromisos de gasto senón que está supeditado á obtención de financiamento a través das diferentes vías previstas, motivo polo que será obxecto de axuste e revisión por parte dunha comisión técnica de seguimento.

### **Criteriaos comúns para primar as áreas Rexurbe**

A implicación da Xunta no desenvolvemento dos plans de dinamización vai máis alá da achega de fondos e do apoio e asesoramento técnico aos concellos con áreas Rexurbe. Así, os organismos autonómicos participantes deberán seguir unha serie de directrices comúns aprobadas polo Consello da Xunta en novembro do ano pasado co fin de dar unha resposta unificada para concentrar o financiamento de proxectos nas áreas Rexurbe.

Neste sentido, as actuacións que se pretendan realizar dentro do ámbito obxecto desta declaración terán acceso preferente ao financiamento dos programas das distintas consellerías, xa sexa a través de actuacións directas, do establecemento de prioridades ou dunha maior puntuación nos baremos previstos nas bases das convocatorias de axudas.

Ademais, cando o Consello declara unha área Rexurbe as consellerías terán un mes para remitir ao IGVS os plans, programas e actuacións da súa competencia que consideren que se poderían aplicar no ámbito declarado para lograr os seus obxectivos. Do mesmo xeito, durante a tramitación dos plans de dinamización, os departamentos autonómicos aos cales se lles solicite informe deberán remitilo tamén no prazo dun mes, indicando a viabilidade das propostas que conteña o plan e que lles afecten, o seu financiamento e unha proposta cos programas de actuación que se poderían engadir ao plan.

Cómpre lembrar que actualmente en Galicia existen tres áreas Rexurbe, todas elas declaradas en 2020: Mondoñedo, A Coruña e Ribadavia. Así mesmo, o Concello de Tui tamén remitiu a súa solicitude oficial de declaración dunha área Rexurbe ao IGVS,





XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

organismo encargado de tramitala; e o Concello de Ferrol tamén manifestou a finais do ano pasado a súa vontade de contar con outra que abranguera o ámbito de Ferrol Vello.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONCESIÓN DIRECTA DE AXUDAS DO 100 % DO ALUGUEIRO ÁS VÍTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- *Na reunión semanal do Goberno galego aprobouse a nova convocatoria e un complemento directo para sufragar a totalidade da mensualidade do arrendamento da vivenda da beneficiaria por un período de 12 meses*
- *Con esta medida, para a que se dispoñen máis de 2,7 millóns de euros, búscase garantir un fogar ás persoas que sofren a violencia doméstica e axudalas na consecución de autonomía e independencia cara un futuro novo e libre*
- *O Goberno galego decidiu no mes de maio de 2020 asumir o 100 % do alugueiro das vivendas ocupadas por mulleres vítimas da violencia de xénero, un colectivo que sofre as consecuencias económicas da pandemia da covid-19*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá a convocatoria de axudas ao alugueiro para as vítimas de violencia de xénero. Trátase dun programa dentro do Bono Alugueiro Social, impulsado no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, creado en 2019 para garantir axudas destinadas ao alugamento de mulleres deste colectivo. Asemade, tamén aprobou a concesión directa dunha axuda complementaria a este programa; polo que se garantirá a financiamento do 100 % do custo do alugueiro ás mulleres beneficiarias desta liña de axudas. Cómpre lembrar que no mes de maio de 2020 a Xunta acordou que o importe do bono de alugueiro para vítimas de violencia de xénero se complementase cunha axuda directa para que o importe da axuda acadase o 100 % do custo do alugueiro.

Así, a Xunta de Galicia destinará máis de 2,7 millóns de euros para ofrecer unha oportunidade e garantir a autonomía e independencia ás vítimas da violencia de xénero, garantíndolles o acceso a un fogar. Despois da sinatura do convenio de colaboración entre as consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de Emprego e Igualdade, o Consello da Xunta procede á aprobación da nova –específica- convocatoria, cuxas bases poderán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*, por parte do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A conselleira de Medio Ambiente defendeu que apoiar as vítimas de violencia de xénero, así como os seus fillos e fillas no acceso a unha vivenda, supón darlles unha oportunidade para comezar unha nova vida en que sexan capaces de recuperar a capacidade de tomar decisións sen temores e medos e con total e absoluta independencia.

Poderase solicitar tamén unha axuda única adicional, de ata 600 euros, que se destinará a atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións ou a facer fronte a pagamentos atrasados.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

En todo caso, a Xunta tomou a decisión de asumir o 100 % da renda do alugueiro das persoas beneficiarias desta axuda, tal e como fixo en maio de 2020; pois este colectivo está a sufrir as consecuencias económicas da pandemia da covid-19; polo tanto, as circunstancias sociais así o exixen. Segundo as previsións do IGVS, co importe de 2021 poderán concederse preto de 200 novas axudas e atender as prórrogas vixentes na actualidade, coas cales comezar unha nova vida, sobre todo sendo conscientes de que a separación física é o primeiro paso no proceso emancipador, polo tanto, é clave que a Administración pública oferte unha alternativa e posibilidades para dar ese primeiro e necesario paso cara un futuro novo e libre.

Esta medida tamén está incluída no Pacto social pola vivenda 2021-2025, que inclúe preto de 50 iniciativas con que asegurar o acceso a unha vivenda a 70.000 familias e mobilizar 1.080 millóns de euros.



## O CONSELLO DA XUNTA DÁLLE LUZ VERDE Á ÁREA DE TRANSPORTE DE GALICIA PARA ESTENDER ESTE ANO AS VANTAXES DO TRANSPORTE METROPOLITANO AO CONXUNTO DA COMUNIDADE

- *A Xunta prevé comezar na primavera a sinatura dos primeiros convenios de adhesión dos concellos para proceder á implantación efectiva da área ao longo do segundo semestre deste ano*
- *O obxectivo é ofrecerlles aos cidadáns de toda Galicia os descontos nos billetes que xa se desfrutaban actualmente nas áreas de transporte metropolitano*
- *O emprego da tarxeta de transporte público de Galicia suporá unha bonificación de 0,50 € en cada viaxe, asumida nun 80 % pola Xunta e no 20 % polo Concello*
- *A esta bonificación sumarase o desconto do 10 % nas viaxes de usuarios da tarxeta TMG, con independencia de que o concello estea adherido ou non*
- *O Goberno galego financiará o custo dos transbordos intermunicipais en calquera concello, ademais dos transbordos co autobús urbano das cidades adheridas*
- *A Área de Transporte de Galicia suporá un investimento anual de 10,3 M€, dos cales 7,7 M€ serán achegados pola Xunta e 2,6 M€ polos concellos que se integren*
- *A Xunta tamén investirá 4,6 M€ anuais na extensión, antes do verán, da tarxeta Xente Nova a toda Galicia, coa cal os menores de 21 anos viaxaran gratis no autobús interurbano*

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á Área de Transporte de Galicia coa fin de estender este ano as vantaxes do transporte metropolitano ao conxunto da Comunidade.

A Xunta prevé comezar na primavera a sinatura dos primeiros convenios de adhesión dos concellos á Área de Transporte de Galicia co obxectivo de proceder á implantación efectiva ao longo do segundo semestre deste ano.

A Área de Transporte de Galicia permitirá aplicar a calquera viaxe realizada nun autobús dependente da Xunta en todo o territorio da Comunidade Autónoma as vantaxes das actuais áreas de transporte metropolitano da Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo e Vigo.

Neste sentido, os cidadáns de todos os municipios galegos contarán con descontos nos prezos dos billetes que xa se desfrutaban actualmente nas áreas de transporte metropolitano que hai constituídas.

### Bonificacións

O medio de pagamento para beneficiarse das vantaxes da Área será a tarxeta do Transporte Público de Galicia, que suporá unha bonificación zonal de 0,50 euros no



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

prezo de cada viaxe, asumida de forma xeral nun 80 % pola Xunta e no restante 20 % polo correspondente concello.

A esta bonificación sumarase o desconto do 10 % nas viaxes de usuarios da tarxeta TMG, con independencia de que o concello estea adherido ou non, así como a gratuidade para os menores de 21 anos, coa tarxeta Xente Nova, unha vez que se culmine a súa extensión a toda Galicia, prevista para antes do verán.

De xeito adicional, os usuarios que efectúen no mes un determinado número de desprazamentos, cos mesmos termos municipais de orixe e destino, tamén sumarán unha bonificación por recorrencia.

Este sistema tamén significará a despenalización total dos transbordos nas viaxes aboadas coa tarxeta de Transporte Público de Galicia.

O Goberno galego prevé a bonificación, no seu conxunto, de aproximadamente uns 17,5 millóns de viaxes ao ano.

### **Tarifas comúns e unificadas**

O impulso desta área xira en torno a catro eixos: a mellora da conexión entre as redes de transporte público; o incremento dos servizos, en colaboración cos concellos; a optimización da información e das infraestruturas; e a política tarifaria común, unificada e bonificada.

A Área prevé a activación das mesmas tarifas para toda Galicia, ao pasar dun sistema tarifario baseado en saltos a outro que toma como referencia as distancias entre os núcleos principais dos concellos.

Os usuarios aboarán prezos fixados en función do rango en que se sitúe a distancia entre os termos municipais de orixe e destino da viaxe, sen terse en conta o número de etapas necesarias no traxecto.

A Xunta financiará a totalidade do custo adicional que supoñen os transbordos intermunicipais efectuados en calquera concello de Galicia, ademais dos transbordos co autobús urbano das cidades adheridas.

### **Investimento**

Esta iniciativa suporá un investimento anual de 10,3 millóns de euros, dos cales 7,7 serán achegados pola Xunta e 2,6 polos concellos que se adhiran á Área de Transporte de Galicia.

## **INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Ademais, o Goberno galego súmalle a este orzamento o investimento de 4,6 millóns de euros para financiar a extensión da tarxeta Xente Nova a toda Galicia, coa cal os menores de 21 anos viaxan de balde no autobús interurbano.

A Área enmárcase no proceso de modernización do transporte público na Comunidade impulsado pola Xunta a través do Plan de transporte público de Galicia, que vén de concluír en decembro.



## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE VALGA PARA REFORZAR A REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN VARIOS NÚCLEOS DO MUNICIPIO, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 183.000 EUROS

- *A Xunta achegará o 80 % do investimento, case 147.000 euros, e o Concello de Valga contribuirá co 20 % restante, preto de 37.000 euros*
- *Unha vez autorizado este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación destas intervencións, que teñen un prazo de execución de dous meses e serán financiadas no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020*
- *Os traballos consistirán na ampliación da rede de abastecemento para o núcleo de Raxoi e na execución do encontro de trazados da rede de San Miguel*
- *O proxecto tamén recolle a substitución da rede de abastecemento nos núcleos da Torre-Coto, Castiñeiras, A Devesa, Vilarello e A Torre-Mina Mercedes*
- *As intervencións dan continuidade ás realizadas entre 2016 e 2017, que dotaron de subministración Os Martores, As Laceiras e Os Vilares e ampliaron a ETAP de Valga*
- *As obras enmárcanse nas actuacións executadas pola Xunta nos últimos anos para poñer en funcionamento o sistema de abastecemento de Valga, que supoñen un investimento global de 8,6 M€*

O Consello da Xunta autoriza o convenio de colaboración co Concello de Valga para reforzar a rede de abastecemento de auga potable en varios núcleos do municipio, cun investimento de máis de 183.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, cofinanciará a actuación nun 80 % coa achega de case 147.000 euros. O Concello de Valga contribuirá ao financiamento do 20 % restante, co investimento de preto de 37.000 euros.

As actuacións, cun prazo de execución de dous meses, serán financiadas no marco do eixe REACT UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, como parte da resposta da UE á covid-19.

Unha vez autorizado hoxe este acordo, Augas de Galicia procederá á licitación destas intervencións.

As obras previstas levaranse a cabo nas parroquias de Valga, Campaña e Cordeiro. De xeito máis concreto, os traballos consistirán na ampliación da rede de abastecemento para o núcleo de Raxoi ou na execución do encontro de trazados da rede de San Miguel.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O proxecto tamén prevé a substitución da rede de abastecemento nos núcleos de A Torre-Coto, Castiñeiras, A Devesa, Vilarello e A Torre-Mina Mercedes.

Estas obras enmárcanse nas distintas actuacións que vén executando a Xunta nos últimos anos para poñer en funcionamento o sistema de abastecemento de Valga, que supoñen un investimento global de 8,6 millóns de euros.

Neste sentido, as intervencións do citado acordo danlle continuidade ás ultimas obras acometidas por Augas de Galicia entre 2016 e 2017, que consistiron na execución das conducións, estruturas e instalacións necesarias para dotar de subministración os lugares dos Martores, As Ladeiras e Os Vilaes.

Tamén se efectuou o reforzo do abastecemento en Raxoi e nos núcleos de Cedelo, Cimadevila e Fontelo; a ampliación da ETAP de Valga dos 10 aos 15 l/s e a mellora da captación do río Valga, depósito de Albor e rede en alta existente.

O Goberno galego continúa prestando apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan exercer as súas responsabilidades dun xeito eficiente.



## **A XUNTA ELEVA UN 15 %, ATA OS 7,4 MILLÓNS, AS AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA PREVIR E TRATAR A VIOLENCIA DE XÉNERO E PROMOVER A IGUALDADE**

- *O Consello aprobou a concesión de anticipos do 75 % das axudas en 2021 para que concellos, consorcios e mancomunidades, traballen contra a violencia de xénero e promovan a igualdade nos seus territorios*
- *Estas axudas permitirán aos municipios, soamente ou en xestión conxunta, desenvolver propostas para a conciliación e a corresponsabilidade entre mulleres e homes*
- *A Xunta destinará case 5 millóns de euros en 2021 e 2022 para apoiar o funcionamento dos 83 centros de información a muller (CIM) da Comunidade*
- *O Goberno apoiará medidas de prevención e mellora das condicións das vítimas de violencia de xénero e tamén de explotación sexual*
- *A Administración autonómica investiu nas entidades locais preto de 30 millóns entre 2015 e 2020 para a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero, o que permitiu apoiar preto de 55.000 mulleres e 17.500 familias*

A Xunta investirá este ano 7,4 millóns de euros nas axudas destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (concellos, consorcios, mancomunidades, agrupacións ou asociacións de concellos) para o desenvolvemento de programas dirixidos a promover a igualdade e previr e tratar a violencia de xénero.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a concesión de anticipos do 75 % dos apoios no ano 2021 para que as entidades locais da Comunidade aborden a violencia de xénero e desenvolvan programas para a conciliación, a prevención e o tratamento da violencia de xénero. Comprometeu axudas tamén para os 83 centros de información á muller (CIM) existentes en Galicia para 2021 e 2022.

A Xunta inviste un total de 7,4 millóns de euros nestas axudas, o que supón un incremento do 15,51% respecto do orzamento destinado o ano pasado a esta mesma finalidade.

Con estes cartos facilitarase a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local en Galicia, co obxecto de favorecer as mesmas oportunidades a mulleres e homes e de contribuír a erradicar da violencia de xénero.

Ao abeiro desta convocatoria, a Xunta financia actuacións de catro programas: (1) fomento da conciliación; (2) promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero; (3) apoio aos CIM; e (4) o programa de sensibilización, información e difusión sobre a igualdade e prevención da violencia contra as mulleres.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

O primeiro dos programas, para o fomento da conciliación, está dotado con 1,4 millóns de euros. A Xunta quere axudar con el a que as entidades locais poidan levar a cabo medidas (por exemplo bancos de tempo) que fomenten a corresponsabilidade entre mulleres e homes con contías que van dos 15.000 euros para os concellos que se presenten de xeito individual aos 28.000 para peticións de xestión compartida.

A segunda liña, con medio millón de euros de orzamento, céntrase na promoción da igualdade e da prevención e tratamento da violencia de xénero. A Xunta financia accións orientadas a previr a violencia de xénero e mellorar a situación persoal, social e laboral das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes. Ábreanse estes apoios a medidas de loita contra a explotación sexual, incluída a prostitución. As contías neste caso van dos 12.000 aos 25.000 euros para entidades soas ou en conxunto, respectivamente.

**Apoio decidido aos CIM**

A terceira liña de axudas ten como obxectivo apoiar a rede de centros de información ás mulleres (CIM), integrada actualmente por 83 centros na nosa Comunidade e que dan cobertura a un total de 182 concellos. O Goberno galego apoia o financiamento dos postos de traballo dos CIM -dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica- e dos axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, destinando a este programa 4,9 millóns de euros (3,3 millóns en 2021 e 1,6 para 2022). Cada entidade pode recibir como máximo 45.000 euros e ata 120.000 euros no caso das solicitudes de xestión compartida.

A cuarta liña céntrase na posta en marcha de medidas de sensibilización, información e difusión sobre a igualdade e prevención da violencia contra as mulleres. Na convocatoria deste ano destinarase 500.000 euros, con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; neste caso, con apoios de 6.000 a 8.000 euros.

A Xunta leva investidos nestes programas con que apoia o labor das entidades locais de Galicia para a promoción da igualdade e a loita contra a violencia de xénero preto de 30 millóns de euros entre 2015 e 2020, o que permitiu axudar a preto de 55.000 mulleres e 17.500 familias.

**A XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO ASINAN UN ACORDO PARA A FORMACIÓN NA ÁREA DA ENXEÑERÍA BIOMÉDICA**

- *O convenio busca garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitaria que imparte a Escola de enxeñaría industrial da Universidade de Vigo, orientada á formación do alumnado en determinadas materias*
- *A Administración autonómica investirá arredor de 250.000 euros que a Universidade destinará a sufragar os custos derivados de diversas prazas de profesor*

O Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Vigo van asinar un acordo de colaboración para utilización das institucións sanitarias na docencia do grao universitario de Enxeñaría Biomédica. O convenio supón un investimento de 244.732 euros para o Sergas.

O convenio trata de mellorar a colaboración entre ambos os organismos co obxectivo de garantir o desenvolvemento da docencia e da formación universitarias do grao de Enxeñaría Biomédica, que imparte a Escola de Enxeñaría Industrial da Universidade de Vigo. Refírese concretamente á formación do alumnado nas materias de Estrutura e Patoloxía Médica, Estrutura e Patoloxía Médico-Cirúrxica, Enxeñaría Clínica e Hospitalaria, Fundamentos de Tecnoloxía Hospitalaria e Prácticas de Tecnoloxía Hospitalaria. Esta colaboración estenderase tamén aos traballos de fin de grao que se realicen, total ou parcialmente, en colaboración co persoal da Área Sanitaria de Vigo ou nas súas instalacións.

A Universidade de Vigo destinará os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde para cubrir o 50 % dos gastos derivados da formación teórico-práctica necesaria, sufragando os custos derivados de varias prazas de profesor asociado en ciencias da saúde. O importe dividirase en catro anos, con 57.278 euros para o ano 2021 e 62.485 para os anos seguintes.

A sinatura deste convenio reflicte a importancia que cobra o ensino práctico para as disciplinas integradas no campo Enxeñaría Biomédica e a necesidade, polo tanto, de que se integre nas estruturas e servizos do sistema sanitario. Por este motivo búscase garantir o nivel práctico na docencia, a mellor a preparación dos futuros profesionais e a busca da súa excelencia para o desenvolvemento das referidas ciencias, a favor do benestar social no campo da saúde.



## **GALICIA PECHOU O ANO PASADO CO MAIOR NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS DA Q DE CALIDADE TURÍSTICA, CUN TOTAL DE 328**

- *Galicia liderou a creación de novas certificacións de calidade para os aloxamentos sustentables, os albergues turísticos e os espazos turísticos senlleiros*
- *O noso territorio situouse como líder na metade dos sectores turísticos certificables e mantense no segundo posto na clasificación nacional, só detrás de Andalucía*
- *O ano pasado a Xunta destinou ao fomento da calidade turística un total de 426.000 euros*

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance de actuacións levadas adiante polo Goberno galego en materia de calidade turística en 2020 que permitiu que Galicia pechara o ano co maior número de Q de Calidade Turística acadado en toda a súa historia, con 328 certificacións, 38 máis que en 2019. Esta cifra permítelle á nosa comunidade manterse como a segunda de España en termos absolutos en número de certificacións, só por detrás de Andalucía, con quen recorta diferencias.

Esta aposta pola calidade materializouse nun investimento total de 426.000 euros en 2020 dirixidos a apoiar todo o proceso de adhesión, certificación e renovación da Q de Calidade Turística tanto para o sector turístico galego como para o recoñecemento da calidade dos servizos e recursos turísticos con que conta o territorio.

Na implantación deste Sistema calidade turística a Xunta de Galicia colabora coa Secretaría de Estado do Turismo e o Instituto para a Calidade Turística Española para promover a creación de produtos baseados na innovación, a accesibilidade e a sustentabilidade turística coa finalidade de orientar as decisións dos consumidores e a extensión deste sistema de calidade entre destinos, empresas e servizos turísticos. Unha colaboración que permitiu que Galicia pasara de 13 Q de Calidade en 2003 ás 328 actuais.

### **Galicia, pioneira**

O balance presentado hoxe destaca que Galicia segue a liderar a consecución destas acreditacións en sete dos sectores turísticos tradicionais (hoteis, axencias de viaxes, aloxamentos rurais, balnearios, portos deportivos, turismo activo e industrial) e mantense como a segunda comunidade en Servizos de Restauración, por detrás de Andalucía.

Pero, ademais, Galicia é líder pero tamén pioneira na certificación de tres novas tipoloxías: o dos aloxamentos sustentables, o sector dos albergues turísticos e os espazos públicos senlleiros, estas dúas últimas categorías xurdidas grazas ao proxecto Galicia: apostando pola calidade 2019-2020.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Este programa conxunto levado adiante en colaboración ICTE con carácter bianual e investimento total de 250.000 euros permitiu comezar a traballar nas chamadas rutas Q con actuacións nas etapas dos camiños Portugués e do Mar de Arousa e Río Ulla e nas rutas do Viño de Rías Baixas e Ribeira Sacra. Unhas actuacións que culminaron neste 2020 cos sete primeiros albergues e os cinco primeiros espazos turísticos singulares certificados en toda España, todos eles en Galicia.

Estes resultados que permiten que Galicia sexa líder en certificacións en dez das vinte categorías certificables son tamén froito do traballo conxunto co sector turístico. Da man do Clúster Turismo de Galicia, a Xunta aportou 150.000 euros en 2020 para tarefas de asesoramento a empresas e actividades do sector turístico para que poidan superar a auditoría externa necesaria para a posterior consecución da Q de calidade turística. Mediante este convenio acadáronse 27 novas certificacións en 2020.

### **Cultura da calidade tamén nos concellos**

O informe destaca, finalmente, que neste 2020 a Xunta habilitou por primeira vez unha liña de axudas para que os concellos puideran certificar no sistema Q de Calidade Turística as praias, oficinas de turismo e espazos públicos senlleiros. Unha iniciativa que permitiu que un total de 9 concellos se adheriran ao sistema como un primeiro chanzo para levar a cultura da calidade aos servizos turísticos municipais co obxectivo de crear entre todos destinos de calidade.

Esta novidade elevou cuantitativamente o orzamento que a Administración autonómica destina anualmente aos procesos de certificación, seguimento e renovación desta certificación que neste 2020 se incrementaron nun 30 % sobre a anualidade anterior ata os 130.000 euros.



## A XUNTA APOIA NOVE NOVOS PROXECTOS NO EIDO DA FÁBRICA INTELIXENTE QUE MOBILIZARÁN PRETO DE 57M€ EN SECTORES COMO A AUTOMOCIÓN, AS RENOVABLES OU A INDUSTRIA ALIMENTARIA

- *As iniciativas impulsadas na cuarta convocatoria deste programa da Vicepresidencia Segunda contarán con axudas por 21M€ e contribuirán á creación ou mantemento de máis de 600 postos de traballo cualificados*
- *Están lideradas por compañías que son referentes no seu sector como PSA, Pescanova, Benteler, Finsa, Cupa, Hifas da Terra, Gri Towers, Silicio Ferrosolar e Galigrain, e contan coa participación de seis organismos de investigación*
- *Desde a posta en marcha deste programa en 2016 téñense apoiado en total 24 proxectos que mobilizan 272,5 millóns de euros*
- *Fábrica intelixente e sustentable enmárcase na aposta do Goberno galego por modernizar a industria e asegurar o crecemento apoiándose nos sectores estratéxicos da economía para convertelos en motores que mobilicen a todo o tecido produtivo, especialmente ás pemes*

A Xunta vén de resolver a cuarta convocatoria do programa Fábrica intelixente e sustentable, que, con apoios públicos que suman 21 millóns de euros, permitirá mobilizar 56,8M€ na realización de nove proxectos en sectores estratéxicos para a economía galega como a automoción, o alimentario, as enerxías renovables, a industria da madeira ou a loxística.

As iniciativas, en que participan 23 empresas e seis organismos de investigación, contribúen á creación ou mantemento de máis de 600 postos de traballo de alta cualificación. Están lideradas por compañías que son referentes no seu sector como PSA, Pescanova, Benteler, Finsa, Cupa, Hifas da Terra, Gri Towers, Galigrain –do Grupo Nogar– e Silicio Ferrosolar.

O proxecto Facendo 4.0, impulsado por PSA e en que tamén participa o Centro Tecnolóxico da Automoción (CTAG), así como Gradient, Aimen, e a Universidade de Vigo, contará cunha axuda pública de 9,17 millóns de euros. O obxectivo é obter novas solucións tecnolóxicas que permitan á factoría viguesa consolidarse como un referente de automóviles a nivel mundial, situándoa na vangarda das últimas tecnoloxías e da eficiencia enerxética, en eidos como o vehículo do futuro autónomo e conectado.

Tamén no sector da automoción desenvolverase a iniciativa Five-V, promovida por Benteler Automotive, que busca transformar a planta da compañía en Valladares (Vigo) nunha fábrica intelixente, versátil e sustentable, flexibilizando os procesos e as instalacións. Contará cun apoio da Xunta de máis de 722.000 euros.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O proxecto que Silicio Ferrosolar, do Grupo Ferroglobe, desenvolve en Arteixo (A Coruña) xunto con ABCR Laboratorios (Forcarei, Pontevedra), Artabro Tech (Ferrol) e Enso Innovation e Fundación Cetim, ambas en Culleredo (A Coruña) leva por nome Eco-Smart Batt, e centrarase na fabricación 4.0 sustentable de nanocompostos e ionoxeas para baterías de alta densidade. Cunha axuda autonómica de 1,76 millóns de euros, busca mellorar a densidade enerxética, o custo e a sustentabilidade das baterías ion-litio, facilitando a evolución e a transformación do sector automobilístico.

No ámbito da industria alimentaria, o grupo Nueva Pescanova desenvolverá xunto co centro tecnolóxico Gradient e a compañía viguesa ASM Soft a iniciativa Sea2Table 4.0, para a que contarán cun apoio de 1,15 millóns. Os obxectivos fundamentais son implantar un novo modelo de fábrica na industria alimentaria que promova a sustentable e a eficiencia produtiva mediante a aplicación de tecnoloxías de intelixencia artificial nun contorno de multifábrica; conseguir unha cadea de subministración dixitalizada que garanta a calidade, seguridade e rastrexabilidade; e axilizar a toma de decisións e flexibilizar a cadea de subministración a través da consolidación de toda a información recollida nos centros industriais de Pescanova.

Pola súa banda, a compañía pontevedresa Hifas da Terra contará coa colaboración de Anfaco-Cecopesca para NutriGen 4.0, un proxecto cunha axuda da Xunta de 1,5 millóns de euros que estudará a optimización integral de tecnoloxías 4.0 para realizar procesos industriais de produción continua de complementos nutricionais a escala piloto.

No caso do proxecto Enxeño+, liderado por Finsa, investigárase en novas tecnoloxías habilitadoras 4.0 en produción sustentable de novos taboleiros de alto valor engadido. Finsa, que recibirá unha axuda de 2,64 millóns de euros, contará con entidades colaboradoras como Aimen, Cesga, Citius ou Energylab, e empresas tecnolóxicas como Imatia, Dalp e DXC.

GRI Towers, con sede no Carballiño (Ourense), impulsa a iniciativa Windin4.0, que se centra na dixitalización de procesos de fabricación de torres eólicas. Cun apoio público que supera o millón de euros, o proxecto conta coa colaboración de Agata Technology, empresa situada en Oleiros (A Coruña).

O grupo do sector da lousa Cupa desenvolve xunto con Técnicas de Soft (A Coruña) e a Fundación Cetim (Culleredo) o proxecto Smart4slate. Cunha achega autonómica de 1,75 millóns de euros, poderá desenvolver unha fabricación baseada na analítica avanzada e na aplicación de intelixencia artificial na toma de decisións.

A marinense Galigrain, do grupo Nogar, liderará o proxecto Smartstore, que desenvolverá xunto con Internacional de Comercio y Servicios (ICS) e Protea Productos del Mar, tamén de Marín, e P&J Carrasco, de Vilagarcía de Arousa, contando tamén co



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

centro tecnolóxico Cetim. Búscase con esta iniciativa, á cal se lle concedeu unha axuda autonómica de 1,26 millóns de euros, investigar e desenvolver novas tecnoloxías propias da Industria 4.0 para obter avances tecnolóxicos nas principais actividades loxísticas portuarias para produtos de alta relevancia. Do mesmo xeito, desenvolveranse novas solucións nutricionais que permitan aumentar a actual carteira de produtos de nutrición animal.

Desde a posta en marcha en 2016 do programa de Fábrica intelixente e sustentable, impulsado pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, a través da Axencia Galega de Innovación (Gain), téñense apoiado 24 proxectos con axudas por 72,8 millóns de euros, mobilizando 272,5M€ en sectores estratéxicos para a Comunidade.

Esta actuación enmárcase na aposta da Xunta de Galicia por unha economía máis sustentable que garante a recuperación a través da transformación ecolóxica e industrial, modernizando a industria e asegurando o crecemento, apoiándose nos sectores estratéxicos da economía para convertelos en motores que arrastren e mobilicen a todo o tecido produtivo, fundamentalmente ás pemes.





## A XUNTA ÚNESE Á SOCIEDADE PÚBLICO-PRIVADA QUE NACE CO OBXECTIVO DE IMPULSAR NOVOS PROXECTOS TRACTORES EN GALICIA

- *A sociedade limitada de maioría privada estará formada pola Xunta, entidades financeiras e sociedades transversais*
- *Ten un carácter impulsor e non investidor, xa que a súa finalidade principal é madurar propostas empresariais e procurar a participación de pemes galegas*
- *Nesta primeira fase prevese que poida contribuír á maduración de iniciativas incluídas na candidatura galega aos fondos Next Generation e, a continuación, axudar na busca de futuros investidores para o seu desenvolvemento*
- *Este novo instrumento, cun capital inicial de 5M€, así como as medidas incluídas na Lei de reactivación que se aprobou esta mesma semana, permitirán achegar unha maior axilidade tanto á captación de novos proxectos como á posterior tramitación, desenvolvemento e posta en funcionamento*

A Xunta de Galicia acordou no Consello de Goberno celebrado hoxe formar parte do mecanismo público-privado que se encargará de acelerar a maduración de novos proxectos empresariais tractores que contribúan a xerar actividade económica e cadeas de valor de que saíran beneficiadas especialmente as pequenas e medianas empresas galegas.

Esta sociedade impulsora de iniciativas tractoras será de maioría privada, cun capital inicial de 5M€. Aberta á entrada de novos colaboradores, este novo mecanismo estará composto pola Xunta (40 %), entidades financeiras (40 %) e sociedades transversais (20 %), é dicir, empresas público-privadas cun interese global nos proxectos tractores.

Neste primeira fase, agárdase que a sociedade poida contribuír a impulsar, por exemplo, os proxectos tractores vinculados á candidatura galega final que opte aos fondos europeos Next Generation. De feito, este novo instrumento ten un carácter impulsor e non investidor, xa que o seu principal obxectivo é madurar as propostas que a Comisión Next Generation decida como candidatas a proxecto tractor. É dicir, non participará directamente nos proxectos unha vez empecen a funcionar, pero si axudará a buscar investidores para que sexan unha realidade.

As funcións deste mecanismo serán validar a estratexia integrada no seu conxunto, e de cada un dos proxectos tractores; impulsar, no momento inicial, o desenvolvemento das iniciativas garantindo unha visión integrada; asegurar a xestión coordinada a curto prazo; dinamizar as accións para a captación de fondos; confirmar a xeración e captura de sinerxías; garantir a incorporación de mellores prácticas no desenvolvemento doutros proxectos estratéxicos de similares características en países europeos; e procurar a participación nas iniciativas das pemes galegas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

A creación desta sociedade, xunto coa nova Lei de reactivación económica aprobada esta mesma semana no Parlamento galego, permitirá que Galicia conte cos instrumentos necesarios para captar novos proxectos e dar unha maior axilidade ás iniciativas. De feito, esta nova normativa recolle que as propostas empresariais tractoras que finalmente elixa o Goberno para optar aos fondos Next Generation sexan consideradas como proxectos industriais estratéxicos. Isto supón unha maior axilización na tramitación, reducindo os prazos á metade, así como a posibilidade de recibir atención personalizada a través da Oficina Doing Business.

Para Galicia, os fondos europeos son unha oportunidade para avanzar na transición ecolóxica, xusta e dixital e loitar contra o despoboamento, polo que a Comunidade está presentando as súas iniciativas ás manifestacións de interese convocadas polo Goberno español.

Neste sentido, destaca o polo para a transformación de Galicia que pretende mobilizar, inicialmente, un investimento público-privado de 3300M€, e que inclúe catro proxectos tractores: un centro para o impulso da economía circular co obxectivo de xestionar 2,6 millóns de toneladas de residuos ao ano; a xestión sustentable dos bosques galegos a través da produción de fibras téxtiles nunha planta con capacidade para 150.000-200.000 toneladas anuais; e dúas iniciativas a maiores vinculadas ás enerxías limpas e que permitirán o autoabastecemento do resto das iniciativas, como unha planta para a xeración de hidróxeno verde a partir de renovables e o desenvolvemento de 1000MW de nova potencia renovable (eólica e enerxía solar). Ademais o polo contará con catro iniciativas transversais: para a creación de cadeas loxísticas sustentables, un centro de investigación e innovación, laboratorios dixitais e o plan para a recuperación da terra agraria.

A Xunta de Galicia segue agardando a que o Goberno estableza os criterios para a selección e repartición dos fondos. Neste punto, a Administración galega defende que se apliquen criterios obxectivos e transparentes que teñan en conta factores como o despoboamento, o envellecemento da cidadanía, a dispersión xeográfica, a transición dixital e ecolóxica, ou os niveis de renda per cápita.



**A XUNTA ACTIVARÁ UN PROGRAMA DE MEDIDAS ESPECÍFICAS POR 20M€ PARA ACOMPAÑAR O COMERCIO DE PROXIMIDADE NA SÚA REACTIVACIÓN**

- *Con estas iniciativas, que se están a consensuar co sector, búscase reforzar a competitividade dunha actividade clave para a economía e o emprego na Comunidade*
- *Estance a perfilar programas para favorecer a súa modernización e transformación dixital, ademais de impulsar o consumo con bonos de desconto para mercar no comercio local*

O paquete de medidas que a Xunta vai activar nas próximas semanas para acompañar o comercio de proximidade na súa reactivación contará con 20 millóns de euros en axudas para reforzar a competitividade do sector a través de iniciativas que permitan a súa modernización e incentivar o consumo.

Así, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación está a perfilar, en consenso co sector, axudas que permitan, por unha banda, dar resposta ás necesidades máis inmediatas e contribuír a impulsar o consumo nas tendas, incluíndo un programa de bonos de desconto para mercar no comercio local; e por outra banda, iniciativas que impulsen a transformación dixital do sector, cunha aposta clara polo comercio online.

O comercio é un sector estratéxico da economía galega, xa que representa o 17 % do emprego e o 13 % do produto interior bruto (PIB) galego. A pesar de que no último ano Galicia está a ser a comunidade con mellor comportamento das vendas do comercio ao por menor, cun descenso do -2,5 % fronte ao -6,8 % do conxunto do Estado, o Goberno galego é consciente da complicada situación que atravesamos polo impacto da covid-19 e as necesarias restricións adoptadas para frear a pandemia. Por este motivo, o executivo autonómico quere seguir colaborando co comercio de proximidade para dar solucións dentro do contexto socioeconómico actual e facilitar así a súa reactivación.

Neste sentido, desde o inicio da pandemia os comerciantes galegos xa teñen accedido a préstamos e axudas da Xunta por 70 millóns de euros para facilitar liquidez e conceder axudas no eido da seguridade e a adaptación dos locais, ou a dinamización comercial, ademais de ofrecerlles formación e asesoramento.



## **SANIDADE LEVA REVISADOS MÁIS DE 300.000 RECÉN NACIDOS NO MARCO DO PROGRAMA DE DETECCIÓN PRECOZ DA XORDEIRA NEONATAL**

- *Desde a implantación do programa en 2002 e ata 2019, detectáronse un total de 330 nenos con hipoacusia*
- *A día de hoxe, un total de 96 nenos diagnosticados no marco do programa puideron acceder aos audífonos que precisaban de xeito gratuíto grazas ao convenio de colaboración asinado coa Universidade de Santiago de Compostela*

A Consellería de Sanidade leva realizada probas de cribado de hipoacusia a un total de 313.686 recém nacidos. Son datos recollidos no informe de resultados do Programa galego para a detección da xordeira no período neonatal que presentou esta mañá no Consello da Xunta o conselleiro de Sanidade, Julio García Comesaña.

O informe reflicte que dende a súa posta en marcha no ano 2002 e ata 2019, a participación no programa foi dun 98,5% dos neonatos, sendo todos os anos desde 2004 superior ao 99 %. Do total de nenos participantes no programa, 2.330 necesitaron ser derivados ás unidades de diagnóstico para realizarlles probas complementarias, o que supón unha taxa de derivación global do 0.74 %.

Dende 2020 e ata decembro de 2019, a taxa de detección de hipoacusia foi de aproximadamente 1,05 por cada mil nenos cribados. É dicir, detectáronse un total de 330 nenos e nenas con hipoacusia nas 7 unidades de diagnóstico do programa.

Desde que comezou o programa, foi aumentando de xeito progresivo e de forma paralela á incorporación dos diferentes hospitais. Así, no ano 2005 estaba implantado nos 14 hospitais do Servizo Galego de Saúde e desde o ano 2012 tamén en todas as maternidades privadas. Trátase dun programa universal e gratuíto baseado na realización dunha proba de cribado auditivo denominada de potenciais evocados auditivos automatizados. Esta proba é totalmente inocua e indolora para o neonato, de curta duración e contrastada validez, e ofrécese a todos os nacidos na nosa comunidade autónoma antes de que abandonen o hospital.

O Programa galego para a detección precoz da xordeira no período neonatal ten por obxectivo final evitar as secuelas comunicativas, psicolóxicas e sociolóxicas da hipoacusia infantil, mellorando a capacidade de comunicación e adquisición da linguaxe dos nenos con hipoacusia. A ausencia do estímulo auditivo durante os tres primeiros anos de vida ten efectos adversos sobre o desenvolvemento do sistema nervioso central, dificulta a adquisición da linguaxe e impide a aparición da fala, provocando alteracións posteriores no desenvolvemento social, emocional, cognitivo e



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

académico do neno. A detección precoz é imprescindible para conseguir o diagnóstico e tratamento precoz e conseguir finalmente este obxectivo.

Tras a realización da proba de cribado, os pequenos que non a superan satisfactoriamente –ben pola presenza de hipoacusia ou a outros factores temporais como a inmadurez do sistema auditivo do recién nacido- son derivados ás unidades de diagnóstico e tratamento dos hospitais da rede pública de Galicia co fin de confirmar ou descartar a xordeira. Tras o diagnóstico definitivo, e antes dos seis meses de idade, os nenos deben iniciar un tratamento ben médico cirúrxico ou de rehabilitación protésica e logopédica axeitada segundo cada caso individual, co fin de conseguir o máximo beneficio da detección precoz.

### **Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela**

En 2012, a Consellería de Sanidade asinou un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para desenvolver todas as actividades relacionadas coa correcta adaptación de próteses auditivas e seguimento audiolóxico dos nenos diagnosticados polo Programa galego para a detección precoz da xordeira no período neonatal.

Desde o comezo do convenio e ata decembro de 2019 un total de 96 nenos están sendo beneficiados por este acordo de colaboración, o que significa que accederon de xeito gratuíto aos audífonos que precisaban e se lles garantiu a súa correcta adaptación e seguimento para obter o máximo beneficio posible.

Sanidade destinou a este convenio un total de 158.087 euros no ano 2019. O obxectivo deste convenio é chegar a todos os nenos que precisen dun audífono en Galicia, identificados a través do Programa levado a cabo baixo a supervisión da Dirección Xeral de Saúde Pública e mediante o cal se realizan probas de detección precoz en todos os hospitais públicos e privados da nosa comunidade. Aos casos confirmados ofertáselles a posibilidade de ser incluídos neste sistema polo cal acceden de xeito gratuíto aos audífonos e garánteselles a súa correcta adaptación e seguimento.

## A XUNTA SUSPENDE TEMPORALMENTE AS NOVAS PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO E IMPULSA AS FRONDOSAS CADUCIFOLIAS E AS CONÍFERAS PARA ASEGURAR A DIVERSIFICACIÓN DAS MASAS E DAS SÚAS PRODUCIÓNS

- *O Goberno galego decidiu regular con carácter temporal as novas plantacións de eucalipto en zonas que arestora non están plantadas e permitir unicamente as replantacións con esta especie nos terreos de toda a Comunidade Autónoma en que xa existían eucaliptos cumprindo a legalidade vixente*
- *Ao tempo que se regula o eucalipto, potenciaranse outras especies, cun plan específico para o piñeiro e outro para o castiñeiro e para o resto das frondosas*
- *O DOG publicará mañá unha orde con 38 guías técnicas para a xestión sustentable das principais especies e produtos forestais, e tamén a convocatoria, por 13 millóns de euros, das axudas para accións silvícolas*

A Xunta suspenderá temporalmente as novas plantacións de eucalipto en zonas que na actualidade non están plantadas mentres non se posúa unha información precisa do monte galego –a través do Inventario forestal continuo– e, ao tempo, elaborará plans estratéxicos para impulsar as masas de coníferas, de soutos e doutras frondosas. Así se concreta nun informe da Consellería do Medio Rural sobre a diversificación do Monte galego 2040, avaliado hoxe polo Consello do Goberno galego.

A Xunta considera que a superficie de eucaliptal non debería seguir aumentando na nosa comunidade, polo que se deben establecer criterios técnicos e normas para regular a súa ocupación. Ademais, valora que se podería mesmo incrementar a produción destas masas, mellorando a súa silvicultura e incrementando o seu crecemento sen ter que seguir a aumentar a súa superficie, de forma que é preciso establecer medidas para a redución da actual superficie nunhas 20.000 hectáreas nos próximos vinte anos.

Por iso, a Xunta vai introducir unha disposición con esta medida na tramitación parlamentaria da futura Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, seguindo as directrices consensuadas polo sector forestal galego e incorporadas ao Plan forestal 2021-2040, Cara a neutralidade carbónica. Así, o Goberno galego decidiu suspender temporalmente as novas plantacións de eucalipto en zonas que na actualidade non están plantadas e permitir unicamente as replantacións con esta especie nos terreos de toda a Comunidade Autónoma en que xa existían eucaliptos e que, no momento da entrada en vigor da devandita lei, cumpriran coa legalidade e sigan a cumprir o marco legal vixente.

### Revisión do Plan forestal

O carácter temporal desta medida contextualízase e baséase no contido, no ámbito e na aplicación da 1ª revisión do Plan forestal de Galicia, que prevé, precisamente, unha



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

actualización quinquenal. Para sentar os alicerces deste plan, a Xunta está a desenvolver o Inventario forestal continuo, en colaboración coas universidades galegas. Este inventario será o que permita ter unha foto actualizada, de xeito continuado, da situación do monte galego. Por iso, xustifícase o feito de regular as novas plantacións de eucaliptos ata dispor desa información. Esta regulación das novas plantacións, demandada de xeito recorrente pola cidadanía, polo sector forestal, polo sector agrícola e gandeiro, polos grupos políticos e tamén por colectivos ecoloxistas e ambientalistas, ten diferentes obxectivos.

En primeiro lugar, seguir a consolidar un monte multifuncional, diverso e ordenado nas súas producións, que impulse os servizos ecosistémicos tal e como rexen as políticas forestais estatais, da UE e internacionais. En segundo termo, promover a mellora da xestión e da produtividade das masas xa existentes de eucalipto, asegurando en todo momento a demanda de madeira do sector forestal galego sen necesidade de aumentar a superficie de eucaliptos, e mesmo reducíndoa, incrementando a eficiencia na xestión destas masas.

Trátase tamén de dar resposta a unha preocupación social e a unha progresiva tendencia de desequilibrio na distribución das especies forestais, debido ao aumento da superficie ocupada polo eucalipto. Tamén se aplicará con maior intensidade un programa de transformación de eucaliptos degradados gañando produtividade ou fomentando a súa substitución por outras formacións arboradas.

Outros obxectivos da medida pasan por anticiparse aos lumes forestais e por reforzar o control administrativo das restricións legais vixentes e, en especial, o aproveitamento de eucalipto nas marxes das canles fluviais, coñecidas como áreas ripícolas. Perséguese, así mesmo, continuar co cumprimento das recomendacións do ditame parlamentario derivado da Comisión forestal que foi aprobado polas tres cuartas partes da Cámara e que tamén prevé indicacións sobre o control do eucalipto. Por último, pero non menos importante, búscase anticipar a posibilidade da aparición dunha praga ou enfermidade forestal con rápida expansión como consecuencia do cambio climático que poida afectar as principais especies de eucaliptos.

### **Diversificación doutras formacións**

Ao tempo que se regula o eucalipto, potenciaranse outras especies, cun plan específico para o piñeiro e outro para o castiñeiro e para o resto das frondosas, a través de plans estratéxicos específicos para as ditas formacións. Farase con investimento, con medidas de fomento e con liñas de accións transversais xa presentes no Plan forestal, e baseadas no impulso de programas de mellora xenética e aplicación de modelos silvícolas resilientes que permitan consolidar e aumentar a competitividade do tecido industrial forestal galego.





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, fomentaranse estas plantacións a través de maiores liñas de axuda ás repoboacións e reforestacións de piñeiros de alta calidade xenética, incrementando mediante esta vía a superficie que ocupan estas especies en 20.000 hectáreas no prazo de 20 anos. Tamén se aplicarán actuacións silvícolas nun total de 50.000 hectáreas de coníferas ata o ano 2040 co obxecto de incrementar a resiliencia e produtividade dos piñeiros dun xeito sustentable.

No caso das frondosas, unha das principais liñas pasará por promover a súa rexeneración natural e o seu manexo a través da mellora da súa silvicultura próxima á natureza, para chegar a unha superficie total ocupada por estas masas autóctonas de 425.000 hectáreas en 2040 e cun programa de recuperación de bosques de ribeira que abranguerá outras 20.000 hectáreas. No que atinxe especificamente ao castiñeiro, o Plan forestal prevé un programa estratéxico para contribuír á conservación e posta en valor desta especie, con actuacións en 8.000 hectáreas deica o ano 2040 para recuperar soutos tradicionais en produción mediante medidas de rehabilitación e coa creación de novos soutos tanto para a produción principal de castaña como para xerar madeira, cada unha das liñas con 8.000 hectáreas de actuación.

### Unidade dos soutos

Ademais, no informe avaliado hoxe polo Consello, incorpórase tamén a creación, dentro da Consellería do Medio Rural, dunha unidade dos soutos, que se dedicará exclusivamente á xestión deste recurso tan importante para Galicia. Esta unidade será a que desenvolva no seu conxunto o Plan de recuperación para o castiñeiro, diferenciando con exactitude aqueles soutos tradicionais das novas plantacións de castiñeiros, unha vez se conte cos datos do Inventario forestal continuo. Neste sentido, seguiranse poñendo en marcha proxectos de recuperación de soutos de xeito piloto como os xa executados en Moreda e no Courel, na provincia de Lugo, por exemplo. Esta unidade colaborará cos grupos de desenvolvemento rural e cos concellos para o impulso do sector.

### Modelos silvícolas

Por outra banda, tamén se deu luz verde na xuntanza do Goberno á aprobación definitiva da orde de modelos silvícolas e de xestión forestal. Mediante esta norma, que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia*, a Xunta publica ata 38 guías diferentes, fundamentadas tecnicamente e de sinxela aplicación, para o manexo sustentable das principais especies, recursos e servizos que subministran os bosques galegos.

Trátase dun abano amplo deste tipo de ferramentas para fomentar unha aplicación práctica das políticas de descarbonización, neutralidade climática e bioeconomía, así como os principios de xestión activa, adaptativa, participada ou próxima á natureza. Ademais, con esta medida impúlsase a valorización do monte e de todos os seus





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

produtos forestais como as resinas, as cortizas, os piñóns, as castañas, os cogomelos ou o aproveitamento pastoril en terreos forestais desarborados, entre outros.

Estes modelos informan de como plantar, que labores de mantemento e silvicultura (podas, rareos) realizar e cando e como hai que levalas a cabo, así como as quendas máis idóneas para o seu aproveitamento sustentable e posterior rexeneración. Asemade, informan da intensidade de xestión que supón a súa aplicación para os seus titulares, así como o grao de resiliencia do modelo aplicado. Inclúense unha fonda batería de diferentes modelos para a xestión sustentable de masas de frondosas caducifolias.

A maiores, cómpre lembrar que a Lei de montes de Galicia establece a obrigatoriedade de que os terreos forestais de 15 ou menos hectáreas de superficie dispoñan dunha adhesión a estes modelos silvícolas para poder realizar o seu aproveitamento madeireiro de carácter comercial (non aplicable para uso doméstico de leñas). Estes modelos preséntanse como instrumentos moi útiles de formación e cultura forestal para os silvicultores galegos. A información detallada e trípticos divulgativos poderanse atopar no seguinte enlace a partir de mañá:

<https://mediorural.xunta.gal/gl/temas/forestal/ordenacion/adhesion-a-ms-e-rbfp-orientativos>

### **Axudas para accións silvícolas**

De xeito paralelo, tamén mañá sairá publicada no DOG a nova convocatoria de axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais. Estas achegas están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Esta nova convocatoria está dotada cun total de 13.072.000 euros para as anualidades de 2021 e 2022. Prevese que se poderá chegar a 525 beneficiarios e a actuar sobre unhas 7.000 hectáreas de superficie nas que, na súa maior parte, se realizarán podas en masas de coníferas e tratamentos silvícolas en masas de frondosas caducifolias, sobreiras e aciñeiras. Os interesados terán un mes para solicitar estas axudas, que no período de aplicación do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020 representaron unha achega de preto de 57 millóns de euros a 2.228 beneficiarios, o que supuxo actuacións en máis de 31.600 hectáreas de superficie.

Estas actuacións silvícolas concordan coas accións previstas nos instrumentos de ordenación ou xestión forestal. Este tipo de documentos de planificación veñen de ser impulsados tras a recente concesión de axudas públicas a un total de 677 beneficiarios por un importe de 4,5 millóns de euros para elaborar instrumentos de ordenación forestal en case 200.000 hectáreas de monte ao longo do presente ano 2021.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Estas subvencións súmanse á convocatoria, actualmente aberta, das axudas por importe de case 8 millóns de euros para a creación de arredor de 4.000 hectáreas de superficies forestais con especies de coníferas e frondosas, así como para transformar brotes de eucaliptos en masas desas mesmas especies. Tamén están en prazo de presentación as axudas de prevención de incendios por valor de 4 millóns de euros que prevén o control do combustible forestal e as axudas á boa gobernanza de comunidades de montes veciñais en man común, dotadas inicialmente con 1,5 millóns de euros. Tamén están en prazo de presentación as axudas de prevención de incendios por valor de 4 millóns de euros que prevén o control do combustible forestal e as axudas á boa gobernanza de comunidades de montes veciñais en man común, dotadas inicialmente con 1,5 millóns de euros.

**GALICIA REPOBOOU OS SEUS BANCOS MARISQUEIROS CON MÁIS DE 191 MILLÓNS DE UNIDADES DE SEMENTE DE AMEIXA DESDE 2010**

- *Trátase do resultado de sementeiras realizadas polo sector marisqueiro ao abeiro das axudas para mellorar a produción das súas zonas de traballo e para protexer os ecosistemas coas que tamén se subvencionan outras actuacións como a achega de áridos para promover a reprodución de organismos mariños*
- *A Xunta destina un millón de euros á convocatoria de 2021 de achegas a proxectos colectivos para a conservación e restauración de biodiversidade e 300.000 euros ás accións para mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción*
- *Estas dúas liñas de axudas poden ser empregadas polo sector para paliar os efectos nos bancos marisqueiros de episodios como os temporais rexistrados nas últimas semanas*

A Consellería do Mar subvencionou a repoboación de bancos marisqueiros con máis de 191 millóns de unidades de semente de ameixa desde o ano 2010. Trátase do resultado de sementeiras realizadas polo sector marisqueiro ao abeiro das axudas para mellorar a produción das súas zonas de traballo e para protexer os ecosistemas. Estes apoios son os destinados a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sostibles, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP), e os dirixidos a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción, financiados integramente con fondos propios.

Así o reflicten dous informes analizados hoxe no Consello da Xunta sobre sendas liñas de axudas que teñen como beneficiarias ás confrarías de pescadores e demais entidades asociativas do sector que sexan titulares de plans de xestión de recursos marisqueiros.

A maioría das repoboacións foron realizadas no marco da orde de achegas para a conservación e restauración de biodiversidade, cofinanciada co FEMP, e nelas as entidades beneficiarias levan sementado desde 2010 máis de 173 millóns de unidades de semente de ameixa. Con esta liña de axudas tamén se subvencionan outras accións como a ahega de áridos e a descompactación de substrato para promover a reprodución de organismos mariños. A través de todas estas tarefas na última década rexenerouse unha superficie marisqueira de preto de 8,5 millóns de metros cadrados.

O resto das sementeiras desenvolvéronse co apoio da liña destinada a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción. Estas axudas convocáronse por primeira vez no

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

2020 e con elas sementáronse máis de 18 millóns de unidades de semente de distintos tipos de ameixa nunha superficie de preto de 500.000 metros cadrados.

As convocatorias de 2021 de ambos tipos de achegas publicáronse a principios deste mes no *Diario Oficial de Galicia*. A destinada a proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras sustentables conta cun orzamento dun millón de euros. Entre as actuacións subvencionables que inclúe están a repoboación ou reintrodución de especies autóctonas, polo que permite as sementeiras para recuperar os bancos que presenten elevadas mortalidades. A elas súmanse outras accións como as destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras ou a reducir a contaminación. O importe máximo subvencionable por proxecto é de 75.000 euros (sen IVE).

A segunda liña de apoios, cun orzamento de 300.000 euros, é para proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción das especies obxectivo polo menos nos últimos 12 meses anteriores á data de solicitude. Neste caso o importe máximo subvencionable por proxecto será de 15.000 euros (sen IVE).

Estas dúas liñas de axudas poden empregarse para paliar os efectos de episodios como os temporais rexistrados nas últimas semanas que provocaron certa mortalidade nos bancos e debilitaron o marisco como consecuencia do seu desprazamento das zonas nas que estaba asentado así como pola baixa salinidade da auga.

Ambas permitirán ás confrarías de pescadores e agrupacións de mariscadoras conservar o recurso, a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños no marco de actividades marisqueiras e evitar a perda de zonas naturais. Ao mesmo tempo estes apoios contribúen ao desenvolvemento de proxectos para fomentar o sector marisqueiro como elemento clave na economía azul de Galicia e unha perspectiva ambiental, socialmente responsable, importante para o mantemento da biodiversidade dos ecosistemas.